



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|----------------------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2024/25 |
| Asignatura (*) | Psicología Clínica | Código | 653540018 | |
| Titulación | Máster Universitario en Xerontoloxía | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Mestrado Oficial | 2º cuatrimestre | Primeiro | Optativa | 3 |
| Idioma | Castelán | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas | | | |
| Coordinación | Lorenzo López, Laura | Correo electrónico | laura.lorenzo.lopez@udc.es | |
| Profesorado | Lorenzo López, Laura | Correo electrónico | laura.lorenzo.lopez@udc.es | |
| Web | estudos.udc.es/gl/subject/4540V01/4540018/2024 | | | |
| Descrición xeral | Coñecer os principais cambios cognitivos e condutuais que se producen durante o proceso de envellecemento, tanto normal como patolóxico. Familiarizarse cos instrumentos mais empregados para a avaliación das alteracións e condutas psicopatolóxicas na poboación de idade avanzada. Iniciarse na intervención psicolóxica coas persoas maiores. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A1 | Ser capaces de recoñecer as principais patoloxías e síndromes xeriatricas mediante a aplicación de novas e innovadoras metodoloxías de traballo adaptadas ao ámbito da xerontoloxía |
| A3 | Ser capaces de incorporar aos plans de intervención individualizada a metodoloxía de intervención Xeronto-xeriatrica |
| A4 | Ser capaces de asumir a responsabilidade do seu propio desenvolvemento profesional e da súa especialización tanto no ámbito sociosanitario como sanitario de atención ás persoas maiores a fin de incorporarse aos equipos interdisciplinares de valoración e intervención Xeronto-xeriatrica |
| A7 | Adquirir coñecementos avanzados e demostrando, nun contexto de investigación científica e tecnolóxica ou altamente especializado, unha comprensión detallada e fundamentada dos aspectos teóricos e prácticos e da metodoloxía de traballo no campo da Xerontoloxía |
| A8 | Saber aplicar e integrar os coñecementos adquiridos, a comprensión destes, a súa fundamentación científica e as súas capacidades de resolución de problemas en contornas sociais e sociosanitarias e definidos de forma imprecisa, incluíndo contextos de carácter multidisciplinar tanto investigadores como profesionais do campo da xerontoloxía |
| B2 | Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornas novas ou pouco coñecidas dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa xerontoloxía e a xeriatría |
| B3 | Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos |
| B4 | Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións? e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan? a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades |
| C7 | Desenvolver a capacidade de traballar en equipos interdisciplinares ou transdisciplinares, para ofrecer propostas que contribúan a un desenvolvemento sostible ambiental, económico, político e social |
| C11 | Saber difundir os resultados obtidos no desenvolvemento da súa actividade a través das fontes de información dispoñibles para a comunidade científica |
| C13 | Coñecer as posibilidades da investigación no campo da xerontoloxía a fin de motivar aos estudantes para incorporarse á mesma, posibilitando a realización de teses doutorais |

| Resultados da aprendizaxe | |
|---------------------------|-------------------------------------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título |



| | | | |
|--|---------------------------------|-------------------|---------------------|
| Adquirir habilidades que permitan transferir o coñecemento teórico adquirido ás diferentes situacións reais dos ámbitos específicos da intervención psicolóxica. | AP1 AP3 AP4 AI2 AM1 | BM2 BM3 BM4 | CM7 CM11 CM13 |
| Aprender a manexar os distintos métodos de avaliación diagnóstica e tratamento psicolóxico no ámbito aplicado da psicoloxía do envellecemento. | AP1 AP3 AP4 AI2 AM1 | BM2 BM3 | CM13 |
| Ser capaz de valorar, interpretar e sintetizar adecuadamente a información procedente de técnicas de avaliación e diagnóstico psicolóxico. | AP1 AP3 AP4 AI2 AM1 | BM2 BM3 BM4 | CM7 CM11 CM13 |
| Manexar e desenvolver metodoloxías de intervención específica para a poboación de persoas maiores. | AP3 AI2 AM1 | BM2 BM3 | CM11 CM13 |

| Contidos | |
|--|---|
| Temas | Subtemas |
| BLOQUE 1. Psicoloxía clínica e envellecemento | Tema 1. Introducción á psicoloxía clínica do envellecemento e metodoloxía. |
| BLOQUE 2. Cognición e envellecemento | Tema 2. Cognición e envellecemento. |
| BLOQUE 3. A psicopatoloxía no envellecemento | Tema 3. Trastornos afectivos: ansiedade e depresión. Tema 4. Trastornos psicóticos e delirio. |
| BLOQUE 4. Personalidade, adaptación e cambio no envellecemento | Tema 5. Personalidade e envellecemento. Tema 6. A sexualidade no envellecemento. Tema 7. Xubilación, morte e dó. Tema 8. Promoción da saúde e envellecemento activo. |

| Planificación | | | | |
|----------------------------|---------------------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral | A1 A3 A4 A7 A8 B2 B3 B4 | 12 | 15 | 27 |
| Obradoiro | A1 A3 A4 A7 A8 B2 B3 B4 C7 C11 C13 | 2 | 2 | 4 |
| Traballos tutelados | A1 A3 A4 A7 A8 C7 C11 C13 | 2 | 25 | 27 |
| Proba de resposta múltiple | A1 A3 A4 A7 A8 B2 B3 B4 C11 C13 | 3 | 12 | 15 |
| Atención personalizada | | 2 | 0 | 2 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Sesión maxistral | Presentación oral da materia por parte da profesora (docencia expositiva), guiada por medios audiovisuais. As sesións maxistras pretenden transmitir coñecementos xerais sobre a materia e resolver dúbidas. Terán lugar os martes de 16:00 a 18:00 horas, en semanas alternas. |



| | |
|----------------------------|---|
| Obradoiro | O alumnado desenvolverá tarefas eminentemente prácticas (tanto na aula como na casa) sobre temas específicos, con apoio e supervisión da profesora: Estudo de casos clínicos, debate e discusión de contidos específicos da materia, revisión e análise de artigos científicos seleccionados polos profesora e relacionados coa materia, videos, comentarios sobre noticias actuais ... |
| Traballos tutelados | O alumnado realizará un traballo tutelado (experimental ou teórico) relacionado co programa. Independentemente do tipo de traballo seleccionado (experimental ou teórico), incluírá a revisión de artigos científicos (en castelán e inglés) sobre o tema elixido, e unha avaliación crítica dos mesmos. Ademais, o traballo debe ser exposto oralmente na clase co apoio de medios audiovisuais. |
| Proba de resposta múltiple | Os temas presentados na clase durante as clases teóricas deberán ser superados a través dunha proba que constará de 30 preguntas con 4 opcións de resposta. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|----------------------------------|--|
| Obradoiro Traballos tutelados | <p>A titorización de traballos tutelados e exercicios requeridos nos obradoiros poderase realizar nos horarios de titorías de forma presencial ou telemática por Teams, ou mediante correo electrónico: laura.lorenzo.lopez@udc.es. Ademais da atención personalizada que se realice a demanda do alumnado, haberá dous encontros obrigatorios para realizar o seguimento do traballo tutelado. A forma (presencial ou telemática) e o momento en que se desenvolverán tales encontros obrigatorios indicárase ao longo do curso.</p> <p>Os estudantes con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e exención académica deberán indicalo ao inicio do curso para adoptar as medidas de atención personalizadas que sexan adecuadas en cada caso.</p> |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|----------------------------|---------------------------------------|---|---------------|
| Obradoiro | A1 A3 A4 A7 A8 B2 B3 B4 C7 C11 C13 | Avaliarase a participación activa e con aproveitamento, a capacidade de resolución de casos e a capacidade de traballo en equipo. Esta cualificación contribuirá ao 20% da cualificación total da materia. | 20 |
| Traballos tutelados | A1 A3 A4 A7 A8 C7 C11 C13 | Avaliarase a capacidade de síntese e a valoración crítica do tema estudado, ademais do contido e formato do traballo, e a súa exposición oral. A cualificación do traballo tutelado contribuirá ao 40% da cualificación total da materia. | 40 |
| Proba de resposta múltiple | A1 A3 A4 A7 A8 B2 B3 B4 C11 C13 | Proba de tipo test composta por 30 preguntas con 4 opcións de resposta sendo só unha resposta correcta. Cada pregunta que se responda mal restará 0,25 puntos, non restando as respostas en branco. Fórmula: $(A - (E * 0,25)) * 10 / 30$. Esta cualificación contribuirá ao 40% da nota total da materia. | 40 |

Observacións avaliación

| |
|---|
| Todos os aspectos relacionados con ?dispensa académica?, ?dedicación ao estudo?, ?permanencia? e ?fraude académica? rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC. |
|---|

Fontes de información

| | |
|----------------------------|--|
| Bibliografía básica | <p>Belsky, J.K. (2001). Psicología del Envejecimiento. Paraninfo. Madrid.Fernandez-Ballesteros, R. (2007). GeroPsychology. European Perspectives for an Aging World. Hogrefe. Washington.Fernandez-Ballesteros, R. (2009). Psicología de la vejez. Una psicogerontología aplicada. Pirámide. Madrid.Fernández Liria, A., Rodríguez Vega, B. (2006). Habilidades de entrevista para psicoterapeutas. Desclee. Bilbao.Izal, M., Montorio, I. (1999). Gerontología Conductual. Bases para la intervención y ámbitos de aplicación. Editorial Síntesis. Madrid. Montorio, I., Izal, M. (2000). Intervención psicológica en la vejez. Aplicaciones en el ámbito clínico y de la salud. Síntesis. Madrid.Muñoz Tortosa, J. (2002). Psicología del envejecimiento. Pirámide. Madrid.Triadó, C., Villar, F. (2006). Psicología de la vejez. Alianza Editorial. Madrid.</p> |
|----------------------------|--|



Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Valoración en Xerontoloxía/653540002

Intervención Non Farmacolóxica en Demencias/653540019

Materias que continúan o temario

Observacións

RECOMENDACIÓNS XERAIS: Asistir ás sesións presenciais/telemáticas Realizar o traballo de forma continua ao longo de todo o curso Asistir a titorías sempre que se teñan dúbidas Preparar de forma adecuada a presentación oral do traballo Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia:

Usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas...

Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.

Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.

GREEN CAMPUS: Para axudar a conseguir un entorno inmediato sustentable e cumprir co obxectivo estratéxico 2 do "V Plan de Acción do Programa Green Campus FCS (2023-2025)", os traballos documentais que se realicen nesta materia:

Maioritariamente solicitaranse en formato virtual e soporte informático. De realizarse en papel:

Non se empregarán plásticos
Realizaranse impresións a dobre cara
Empregarase papel reciclado
Evitarase a realización de borradores

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías